

Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PORRIÑO, O**Persoal, oposicións**

*LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO SELECTIVO
PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DE DOUS POSTOS DE TRABALLO, DA ESCALA DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO C1, MEDIANTE CONCURSO DE TRASLADOS*

ANUNCIO

Mediante resolución de alcaldía número 2025-3908 de data: 04/12/2025, que se transcribe a continuación, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria para a provisión definitiva de dous postos de traballo da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, grupo C, subgrupo C1, mediante concurso de traslados.

“DECRETO DE DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

Expediente núm.: 1784/2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade coas bases da convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 186, de data 30 de setembro de 2025, que teñen por obxecto regular o proceso selectivo para a provisión definitiva de dous postos de traballo da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, grupo C, subgrupo C1, mediante concurso de traslados, esta Alcaldía de conformidade coas citadas bases e no exercicio das súas atribucións,

RESOLVE:


PRIMEIRO.— Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos/as e excluídos/as á referida convocatoria:

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, LAUDELINA	***6481**
2	VILA PIÑEIRO, MARIANA	***5844**

Excluídos/as:

Ninguén.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

De conformidade coas Bases que rexen a convocatoria establécese un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro de anuncios e de forma complementaria, na páxina web municipal, para que poidan emendar erros ou defectos que motivaron a súa exclusión e presentar nova documentación, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

SEGUNDO.— Determinar que o Tribunal cualificador estará composto polos membros seguintes:

Presidenta: Paula García Jara, técnica de administración xeral do Concello do Porriño, sendo o seu suplente Luis Taboada Hervella, interventor con Concello do Porriño.

Secretario: Eduardo Portela Fernández, Secretario Xeral do Concello do Porriño, sendo a súa suplente Elena Pérez Álvarez, tesoureira do Concello do Porriño.

Vocais:

- Manuela Sendón Jurjo, técnica de xestión do Concello de Nigrán, sendo a súa suplente María de los Ángeles Domínguez Ramos, técnica de administración xeral do Concello de Tui.
- María Dolores Miguélez Casás, técnico medio de xestión económica do Concello do Porriño, sendo a súa suplente Leticia Díaz Alcaide, administrativa-xefa de negociado do Concello de Nigrán.
- José Luis Basanta Cillero, arquitecto do Concello do Porriño, sendo a súa suplente María Alba Rodríguez Álvarez, arquitecta do Concello de O Porriño."

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

